

GAL

# Verán

MUSEO DE PONTEVEDRA

DO 21 DE XUÑO AO 22 DE SETEMBRO DE 2026



Fragmento de *Praia de Sada*. Óleo, 1940. Francisco Loréns (1874-1948)



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

## EXPOSICIÓN TEMPORAL

### **Castelao. A derradeira leición do mestre**

Do 25 de xuño ao 27 de setembro



O óleo que Castelao pintou en 1945 a partir dun dos debuxos do álbum *Galicia mártir* é unha das súas obras máis emblemáticas e unha peza clave na cultura e na memoria democrática galega do século xx. Castelao deulle o rostro de Alexandre Bóveda á vítima da represión franquista que xace no chan, como homenaxe ao seu amigo, asasinado en 1936. No verán de 2026 este cadro volve a Galicia para exhibirse por primeira vez en Pontevedra, xunto ao debuxo orixinal e ao manuscrito *Co pensamento en Galiza*, que sería publicado en 1944 como *Sempre en Galiza*, dedicado a Bóveda.

**Comisaria:** M.<sup>a</sup> de los Ángeles Tilve Jar

**Visitas guiadas:** os mércores e os xoves, ás 18:00 h, e os sábados, ás 12:00 h, con reserva previa

### **Infiltracións. Ira Lombardía. Mudanza**

Do 12 de xuño ao 25 de outubro



Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo de Pontevedra coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os seus fondos. Ira Lombardía (Asturias, 1977) entrelaza imaxes, obxectos e espazo para explorar a domesticidade, a memoria material e as nocións de movemento e desprazamento. A súa instalación artículase nunha "coreografía do tránsito" que percorre os edificios Castelao e Sarmiento.

**Comisario:** Iñaki Martínez Antelo

## EXPOSICIÓN TEMPORAL

### **José Freixanes, eternos son os soños. Obra pictórica 2006-2025**

**Do 23 de xullo ao 27 de setembro**

Unha mostra que recolle a obra pictórica que o pontevedrés José Freixanes, recentemente falecido, desenvolveu nos últimos vinte anos. A partir das súas intervencións na catedral do Sagrado Corazón en Casablanca (2006) e no Asaad Basha de Damasco (2007), preséntase unha escolma de case

medio centenar das pinturas coas que afondou en ideas e conceptos que xa están presentes ou se albiscan naqueles traballos: desde o alfabeto como trazo que nos invita a comezar unha viaxe cara ao outro, ata a práctica da cosedura, coa que conforma un particular vocabulario co que constrúe unha escritura pictórica persoal.



**Comisario:** Xosé Luis García Canido

**Visitas guiadas:** os xoves, ás 18:00 h, e os sábados, ás 12:00 h (con reserva previa)

## PARA TODOS OS PÚBLICOS

### **Bienal de Artes Viva**

**Do 2 ao 12 de xullo no convento de Santa Clara**

Xoves 2 de xullo

- 20:00 h **Blanca Tolsá: *Microdesfase: desajuste para voz y espacio***
- 21:00 h **Clo Plas, Diego Vites e Javi Álvarez: *Clo Pau Plas Pedra***

Venres 3 de xullo

- 18:00 e 21:00 h **Martín Flores Cárdenas: *La fuerza de la gravedad***

Sábado 4 de xullo

- 18:00 h **Lara Brown: *Tórtola Valencia, pienso en ti con mis manos***
- 19:30 h **Isabel Do Diego: *Bestia sagrada***
- 21:00 h **VACAburra: *O raro é que bailar sexa raro***



## PARA TODOS OS PÚBLICOS

Domingo 5 de xullo

- 12:00 h **Pistacatro: *Sen patrón***
- 18:00 e 20:00 h **Javier Hernando (Los Bárbaros): *Extraña alegría***



Luns 6 de xullo

- 19:00 h **noela covelo velasco e Élise Moreau: *Aplauso, vicio***

Martes 7 de xullo

- 19:00 h **Jérôme Bel: *Jérôme Bel***

Mércores 8 de xullo

- 19:00 h **María Jurado: *Angelical***
- 20:00 h **Fran Martínez: *Transfixión***

Xoves 9 de xullo

- 19:00 h **Ángela Millano: *Escarlet***
- 20:00 h **Manuel Rodríguez: *Alien***

Venres 10 de xullo

- 19:00 h **Alejandra Pombo Su: *E os ocos comezaron a pegarse***
- 20:00 h **Thiago Granato: *Out of Sight, Out of Mind***
- 21:00 h **Leonor Leal e Antonio Moreno: *En talleres***



Sábado 11 de xullo

- 12:00 e 13:00 h **Celso Fernández Sanmartín: *Contar no apagón***
- 18:00 h **Ana Borralho e João Galante: *World of Interiors***
- 21:00 h **Laia Estruch e Zunzún: *Àlbum Victòria***

Domingo 12 de xullo

- 13:00 h **Montdedutor: *Danzas románticas/Antena fantasma***
- 18:00 h **Alessandro Sciarroni: *Don't Be Frightened of Turning the Page***

PARA TODOS OS PÚBLICOS

CONCERTOS

## **Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra** **Sábado 27 de xuño, ás 19:00 h**

Un concerto para celebrar a exposición no Museo de Pontevedra do cadro *A derradeira leición do mestre*, no que Castelao lle deu ao fusilado que retrata o rostro de Alexandre Bóveda. Ambos coincidiron nos inicios desta sociedade coral centenaria.



## **Francisco Castro e Valerio Araújo: Poesías-cordes**

**Martes 30 de xuño, ás 19:00 h**

Un concerto literario e musical que fai un percorrido apaixonante pola mellor poesía galega musicada desde os anos sesenta ata a actualidade. Con versións renovadas de poemas e cancións baseadas na obra de Rosalía de Castro, Cunqueiro, Novoneyra, Castelao e outras voces fundamentais das nosas letras.

## **Á luz dos candelabros**

**Sábado 8 de agosto, ás 19:00 h**

Na 65.<sup>a</sup> edición deste concerto, o alumnado do curso internacional Música en Compostela, chegado de múltiples países de todo o mundo, actúa diante do público nunha cita que se repite no museo xa desde a década de 1960.

## **XVI Noites de Música Antiga**

**Xoves 16, venres 24 e xoves 30 de xullo**

- Xoves 16 de xullo, ás 19:00 h, **Laia Terré & Lorenzo Rupill**
- Venres 24 de xullo, ás 19:00 h, **Iberian Ensemble**
- Xoves 30 de xullo, ás 19:00 h, **Teucro Trío**

Tres oportunidades para escoitar ao vivo, no auditorio do Edificio Castelao, as mellores formacións especializadas en música antiga, nunha cita xa clásica do verán no museo.

## PARA TODOS OS PÚBLICOS

OBRADOIROS INFANTÍS

### **Animando a Castelao**

**Do 1 ao 3 e do 7 ao 10 de xullo, de 11:30 a 13:30 h**

Sete oportunidades para participar neste obradoiro de dúas horas no que Carmen Pintos introduce a rapazada participante na técnica de animación con recortes, a partir de debuxos de Castelao que forman parte da colección do Museo de Pontevedra.

Dirixido a nenas e nenos a partir de 10 anos. Inscripción en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal).

### **Flores que Brotan dos Cadros**

**O 14, 15 e 17 de xullo e do 4 ao 7 de agosto, de 11:30 a 13:30 h**

Sete oportunidades para participar neste obradoiro de *origami* de dúas horas. Da man de Cristina Velasco Mora, as e os participantes aprenden diferentes técnicas para crear flores de papel inspiradas nas que se atopan en obras expostas no museo.



Dirixido a nenas e nenos a partir de 8 anos. Inscripción en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal).

### **Olería Popular. Arte da Cerámica Tradicional**

**Do 21 ao 24 e do 28 ao 31 de xullo, de 11:30 a 13:30 h**

Un obradoiro semanal en dúas quendas para coñecer a olería popular galega de lugares coma Buño, Bonxe, Niñodagua ou Gundivós e o traballo de oleiras e oleiros sen nome coñecido que encheron as casas galegas de vaixela e cacharrada. Impartido por Teresa Pece.

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 8 anos (primeira quenda) e de 8 a 12 anos (segunda quenda). Inscripción en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal).

### **Laboratorio Escénico**

**Do 18 ao 21 e do 25 ao 28 de agosto, de 11:30 a 13:30 h**

A Asociación Quecheconto imparte esta actividade para achegarse a todas as facetas do teatro. A partir dalgunha peza artística de Castelao presente na colección do museo, desenvolverase o proceso de comprensión, exploración, posta en escena e mostra final da creación escénica.

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 11 anos. Inscripción en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal).

## SEMINARIOS E CONFERENCIAS

### SEMINARIOS

#### **Arte, Exilio e Memoria: Castelao, *A derradeira leición do mestre* e a emigración galega en América**

**Luns 22 e martes 23 de xuño**

Un seminario en colaboración co Centro Asociado da UNED en Pontevedra para analizar a obra de Castelao non só como unha creación artística de gran valor simbólico, senón tamén como reflexo da memoria colectiva do exilio e do papel que desempeñou a diáspora galega en América na conservación da súa identidade cultural. Nel participan Ramón Villares, Henrique Monteagudo, Ángeles Tilve, José Manuel Leal Bóveda, Miguel Anxo Seixas, Cristian Moares, Alberto Vázquez López e Víctor Manuel Vázquez Portomeñe.

### XORNADA E RECITAL

#### **Arredor de José Freixanes**

**Xoves 3 e venres 25 de setembro**

Dúas citas para lembrar un artista de referencia na vangarda plástica galega. O xoves 3 de setembro reflexionaremos sobre a súa figura e a súa obra cunha intervención de Víctor Freixanes e unha mesa redonda moderada por Xosé Luis García Canido, comisario da exposición que lle dedica o museo a este artista; e o venres 25 de setembro recordarémolo cun recital poético.

## VISITAS GUIADAS

#### **Á exposición permanente**

De martes a sábado, ás 12:00 h, e os mércores tamén ás 18:00 h

#### **Ás ruínas de San Domingos**

De martes a venres, ás 12:00 h, e os sábados, ás 18:00 h (con reserva previa)

#### **Á exposición *Castelao. A derradeira leición do mestre***

Os mércores e os xoves, ás 18:00 h, e os sábados, ás 12:00 h (con reserva previa)

#### **Á exposición *José Freixanes, eternos son os soños. Obra pictórica 2006-2025***

Os xoves, ás 18:00 h, e os sábados, ás 12:00 h (con reserva previa)

+34 986 804 100 / educacion.museo@depo.gal



[museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA